



**O PP prometeu
baixar os tribu-
tos, durante a
campanha elec-
toral das muni-
cipais.**

**Fai 3 meses quita-
ron a taxa polo per-
miso de armas e
cans perigosos.**

**O pasado luns
o PP subeu o
lixo, a auga,
os vaos e o
imposto de
circulación.**

**Agora suben os
servicios esenciais,
no medio da crise
económica.**

Non queres caldo, toma dúas tazas.

No pasado, O PP deixoulle en herdanza ao Goberno presidido polos socialistas un contrato para a xestión do lixo con Celtaprix por 15 anos que suporá un total de **seis millóns se euros**.

A pesar delo opuxéronse a que cobrásenos o lixo nun exercicio de demagogia e oportunismo político como agora estamos a ver. Hoxe responden cunha **suba xeralizada**, especialmente importante para as **vivendas rurais** que pasan de pagar 37 € a 47 €, máis dun **27%**.

Non contentos con estas lindezas, prométenlle unha baixa de 10 € á veciñanza do casco urbano durante o ano 2012. Iso sí, a cambio cobraránlle **dúas anualidades nunha soa tacada**, a do 2011 e a do 2012, e véndeno como un favor aos que alquilan pisos. Para as vivendas do rural, nada de baixa, ao contrario, pagarán dúas anualidades, e cada unha delas máis caras que as que pagan hoxe en día.

Finalmente, para que non quede puntada sen fío, quenes teñan vivendas baleiras poderán deixar de pagar se as declaran en ruina ou se o piso está en estrutura. Desta meneira, o Concello, pegándose un tiro nun pé, estará obrigado a **ir contra eles** dado que non pode haber pisos en planta nin edificios en ruina.

O imposto de circulación **sube** para os coches máis vellos e sálvanse os de nova xeración.

Os vaos **suben** un 19,57%, especialmente importante para os garaxes colectivos.

Nin unha soa bonificación para os que máis están a sufrir a dureza da crise económica.

Van de sobrados e desprezan os consensos e as formas democráticas.

Sumisos coas empresas explotadoras dos **servicios esenciais**, insolidarios co pobo ao que representan.

Enamorados de Aquagest

A calquera lle parecería razoable que, se o Goberno de Vergara amañou o alcantarillado e a traída de auga no casco antigo de Cedeira, se separamos e renovamos as conductiones das augas pluviais e fecais das rúas Ezequiel López, Avenida do Mariñeiro ata o Ramón, rúa Ortigueira, Avenida de España, Avenida e casco tradicional da Area, Rúa Pitillera, alcantarillado e depuradora na Corredoira, San Román, a Laboreña, etc., sen que Aquagest puxese un peso, **os custos de mantemento e explotación disminuirían.**

Calquera que teña dous dedos de fronte sabe que se **o número de usuarios dos servizos de auga e alcantarillado aumentan**, como aconteceu nos derradeiros anos en Cedeira e se, por riba, **moitos dos novos propietarios están fóra** a maior parte do ano, entón o negocio para a empresa explotadora é redondo.

Esgrime, sin embargo, a empresa que goza dun contrato de 25 anos co noso Concello, que desde o 2009 o IPC subeu. Pero isto, xa o ano pasado **non lle valeu co Goberno presidido polos socialistas.**



Agora, bastou que aterrizarasen, de novo, Leopodo de Alcalde e Luis Rubido de Concelleiro de Facenda para que a baixada de pantalóns sexa total.

Un servizo esencial para a cidadanía sube un 4% para todo o mundo sen contemplar exencións de ningún tipo para parados de longa duración ou maiores en risco de exclusión. En fin, todo un exercicio de crueldade cos débiles, mentras a empresa está a rirse de todos nós.

Non só cremos que é unha gran arbitrariedade a suba das tarifas de auga, acomedidas e alcantarillado, senón que o correcto sería unha baixa substancial. Pero a Aquagest serveulles unha simple solicitude para conquistar esta suba xeralizada. Noraboa.

Para non castigar a Cedeira coa suba xeralizada dos tributos, o mellor é non despilfarrar.

Non fai falla arrasar coas economías dos cidadáns para conseguir que o Concello funcione con eficacia e xusticia. O Goberno de Cedeira, presidido polos socialistas conseguiu baixar un 40% a débeda do Concello. Recibimos débedas por valor de 2,5 millóns de euros e baixámolas a 1,5 millóns en só catro anos de mandato.

Deixamos pagadas todas as facturas ata o 2010 e cartos no caixón para, se o desexan, poñerse ao día con Fenosa. Ben entendido que nós cremos que deberlle unhas mensualidades como as que a nós nos deixou o PP, non é malo, ao contrario. No camiño pagamos facturas de quen nos precedeu, incluída a sentenza xudicial firme polo pufo de 120.000 € deixado por L.Rubido por non ter pagado todo o Polideportivo Municipal desde o ano 1987.

Rematamos o 2010 cun claro superávit, a pesar de todas as obras que levamos a cabo e deixamos orzamentadas e proxectadas obras para que os Rubido as executen, se teñen tempo e ganas, como pistas e alcantarillados no rural, ou as obras na Rúa do Amor Hermoso, na Area, ou a calefacción do Palacete, que non a pintura innecesaria.

Claro está, que nós non pintamos o que non facía falla pintar, nin lle pagamos comilonas aos señoritos dos iates, nin lle cobramos ao Concello 70 € ao mes como indemnización polo uso do noso teléfono privado.

**As portas dos socialistas están abertas, colabora con nós.
Introduce o seguinte formulario no noso local**

Apelidos	Nome	
Rúa/Praza/	Nº	Teléf.
Desexo vos poñades en contacto comigo para afiliarme ou colaborar como simpatizante		